


CURSO: ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE PROGRAMACIÓNS CULTURAIS, DEPORTIVAS E DE OCIO NAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS

Tema 1: INTRODUCCIÓN E ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE PROGRAMACIÓNS CULTURAIS



INTRODUCCIÓN

A **importancia social e económica** das actividades artísticas, culturais e de ocio require dunha relación específica dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que garantan a seguridade das persoas e os bens, a hixiene dos establecementos, a accesibilidade e a comodidade. Trátase de asegurar a compatibilidade entre o dereito ó ocio e o dereito ó descanso da cidadanía.

Tan importantes tamén son outros aspectos como a regulación da **protección** das persoas menores, a **defensa** das persoas consumidoras e usuarias, o **respecto** polo medio ambiente e os animais, a loita contra as **actitudes discriminatorias** e a conservación do noso patrimonio histórico- artístico e cultural.

As actividades de ocio, artísticas e culturais teñen un inmediato **eco na cidadanía** por afectar a distintos ámbitos e espazos competenciais, por iso a súa regulación dende a administración é algo fundamental. A Comunidade Autónoma de Galicia ten **competencia exclusiva en materia de espectáculos públicos**, conforme ó establecido na Lei orgánica 16/1995 de 28 de decembro, de transferencia de competencia a esta comunidade, e sendo por tanto reguladas a través da **Lei 10/2017 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia**.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180102/AnuncioC3B0-271217-0001_es.html

Tódalas persoas podemos construír unha imaxe sobre cómo nos gustaría que fora o noso traballo, cómo nos gustaría vivir, etc...

O mesmo sucede cando falamos de actividades de ocio, deporte e cultura. Cada persoa decide cómo lle gustaría levalas a cabo, polo que é fundamental ter en conta á hora de realizar un deseño, un modelo, unha planificación de estas actividades ou políticas, as diversas características persoais e sociais dos múltiples estilos de vida que existen para que poidan sentirse protagonistas e satisfacer as súas inxerencias e necesidades, intereses, preferencias, desexos e proxectos nos diferentes ámbitos da vida.


As actividades culturais, deportivas e de ocio podemos definilas como eventos, reunións organizadas por grupos sociais, culturais, tanto públicos como privados, co obxectivo de crear, difundir, fomentar, crear valores, socializar, sensibilizar e xerar cohesión social. Permiten sinerxias entre as persoas participantes e a sociedade e transmitir coñecemento de xeración en xeración, poñer en valor valores intanxibles da nosa sociedade máis cercana e tradicional que contribúan a mantela viva.

TEMA 1

XESTIÓN E PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E DE OCIO

As actividades culturais, deportivas e de ocio son creadoras de identidade e xeradoras de inclusión social, asociadas a valores, comportamentos, hábitos e estilos de vida que permiten alcanzar un óptimo desenvolvemento persoal e social, tanto no ámbito educativo, familiar como social. Son eixes transversais do desenvolvemento local. O Municipio é fundamental no desenvolvemento de estas actividades e a implementación de políticas para promover o crecemento en cada territorio é fundamental.

Tan importante como a atención municipal ó benestar e ó coidado familiar, laboral e social é a atención ó deseño dende o entorno municipal do tempo de “recreo” para a súa sociedade de unha maneira planificada e ordenada, atendendo a tódolos colectivos.



OBXECTIVOS NA XESTIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E DE OCIO

Os obxectivos principais cando programamos ou planificamos actividades de deporte, culturais, de disfrute do ocio, aínda que están directamente vinculados con creación artística, a divulgación e promoción dos significados e valores culturais, deportivos, sociais, a preservación

da memoria colectiva e a conservación dos bens culturais en xeral, varían en función da natureza xurídica (pública/privada) da organización da que se trate, diferenciando a grandes trazos:

- **Obxectivos no sector privado.**

No sector privado o obxectivo predominante será, en principio, a rentabilidade, aínda que isto non sempre é así, xa que ás veces a xestión de estas actividades forma parte de unha estratexia máis ampla, como por exemplo as fundacións das entidades financeiras ou os fins sociais no caso de organizacións non gubernamentais.

- **Obxectivos para as administracións públicas.**

Para as administracións públicas o obxectivo prioritario pasa por fins sociais relacionados cos dereitos e deberes culturais, deportivos, de ocio,... é dicir, garantir a calidade e a accesibilidade do ben ou servizo que ofrecen para toda a sociedade.

Existen tamén organizacións con obxectivos mixtos que unen rentabilidade e accesibilidade social, como por exemplo un espazo de titularidade pública xestionado por unha sociedade privada.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES



CARACTERÍSTICAS DAS ACTIVIDADES

A continuación enuméranse as principais características que dende unha administración pública se perseguen a través da xestión e planificación de actividades culturais, deportivas e de ocio.

- Accesíbel a tódalas persoas e de carácter voluntario.
- Existe unha gran variedade acorde a persoas de distintas idades, gustos e preferencias.
- Xeran un sentido de pertenza entre os membros que comparten unha determinada actividade.
- Relaciónanse con estados de vida saudábeis, tanto para o corpo como para a mente.
- Son variadas e acordes a cada sociedade, cultura, idade, colectivo, cultura, entorno.
- Xeran entornos de desfrute, relaxación e amizade.
- Poden estar unidas a festas tradicionais, festividades propias da zona, eventos ou novas iniciativas.
- Adoitan ter unha constancia, realizarse nunha data determinada ou época especial que as converta en unha tradición a perpetuar de xeración en xeración.
- Contribúen á cohesión das sociedades nun afán de mellora continua, de intercambio con outras sociedades e de transmisión de coñecemento, valores e tradición.
- Melloran a condición física, a axilidade, destrezas, desenvolvemento de aprendizaxes teóricos, técnicos e tácticos.
- Preveñen a aparición de patoloxías e contribúe ó noso benestar xeral, favorecendo a socialización e xerando placer.
- Despertan o espírito de superación e mellora.



Algúns exemplos de actividades culturais, deportivas e de ocio, nalgúns casos, por non dicir en todos, as tres actividades van moi unidas. En moitas actividades culturais están presentes o deporte e o ocio e, por suposto tamén ocorre á inversa.

- Desfiles de entroido/ Desfiles tradicionais – Nadal, Semana Santa...-
- Competicións/ Campeonatos/ Concursos: deportivos, de baile, poesía, debuxo, canción.
- Festas gastronómicas/ Eventos culinarios.
- Cine ó aire libre/ Obras de teatro/ Festivais musicais/ Corais, bandas, centros de baile.
- Exposicións.
- Biblioteca móbil/ Contacontos.
- Feiras: gastronómicas, de maquinaria, de artesanía, deportivas, tradicións populares.
- Deportes: extremos (parapente), con animais (hípica), con elementos (surf, badminton, tenis) de motor (motocros) de equipo (fútbol, baloncesto) de combate (boxing) mentais (xadrez), de neve (esquí), de desprazamento (parkour).
- Aprender un idioma novo.
- Adquirir habilidades manuais como: tecer, debuxar, pintar, esculpir, tocar un instrumento musical.
- Rutas turísticas, culturais, sendeirismo, ecorutas, rutas gastronómicas.



1.1. XESTIÓN E PROGRAMACIÓN

A **xestión e programación** de actividades culturais, deportivas e de ocio trata de administrar os recursos co obxectivo de promover, incentivar, deseñar e realizar proxectos dende calquera de esas áreas que se terán que adaptar ó ámbito social, persoal, xeográfico, e ó colectivo ó que se dirixa ou se queira chegar.

Por **xestión** entendemos a administración, organización e dirección de recursos co obxectivo de ofrecer un produto ou servizo para que chegue ó meirande número de público ou consumidores e consumidoras, procurando así a maior satisfacción e onde os distintos compoñentes teñen un cometido e implicación concreta para os seus profesionais.

Na xestión de actividades culturais, deportivas e de ocio son múltiples os ámbitos de actuación nos que se require participación e unha axeitada coordinación para que a xestión sexa eficaz e con óptimos resultados. Como produto ou servizo de consumo tamén xeran actividade económica nas súas distintas fases: produción, xestión e consumo.

Cada unha das políticas deseñadas contemplarán unha **estratexia e obxectivos** concretos a medio e longo prazo, que poida retroalimentarse de cara a unha mellora constante, obxectivos revisables e en continua actualización, acorde á dinámica que requiren as actividades culturais, deportivas e de ocio en permanente avance.

Competencias municipais na xestión de eventos:


- a) Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación cos espectáculos públicos e as actividades recreativas que se desenvolven dentro do termo municipal, incluídas as de carácter extraordinario.
- b) Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación coa apertura de establecementos de cara ó público.
- c) Adoptar as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento ordenado dos espectáculos públicos e actividades recreativas da súa competencia, sen prexuízo das competencias estatais en materia de seguridade pública.
- d) Exercer as funcións de inspección e control.

- e) Incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores por infraccións cometidas en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas que non sexan de competencia autonómica.
- f) Autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, en atención ós criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuren na orde de horarios.
- g) Engadir, dentro das súas competencias, os requisitos, condicións ou límites para a apertura de establecementos públicos e a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas dentro das súas ordenanzas municipais.

1.2. ASPECTOS A TER EN CONTA NA XESTIÓN DE ACTIVIDADES

- ✓ Aspectos legais da Comunidade Autónoma.
- ✓ Política de programación de actividades, planificación, prioridades, calendarios de execución máis axeitados en función do colectivo e as actividades. A modo de exemplo convén un desenvolvemento por cada grupo:
 - Política de tratamento do Deporte, a Cultura e o Ocio Escolar.
 - Política de tratamento do Deporte, a Cultura e o Ocio para a Xuventude.
 - Política de tratamento do Deporte, a Cultura e o Ocio para a Familia.
 - Política de tratamento do Deporte, a Cultura e o Ocio para a Terceira Idade.
 - Política de tratamento do Deporte Federado.
- ✓ Obxectivos e resultados esperables.
- ✓ Medios materiais en canto a infraestruturas municipais e non municipais.
- ✓ Medios humanos.
- ✓ Medios económicos, orzamento dispoñible para a actividade.
- ✓ Asociacionismo existente e ámbito de actuación: cultura, deporte, ocio.
- ✓ Tecido empresarial e profesional.
- ✓ Análise da distribución da poboación por tramos de idade, acceso ás actividades, dispoñibilidades e intereses.
- ✓ Planificación da difusión, márketing, medios de promoción, sensibilización e información das actividades.
- ✓ Obrigación de dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil para o evento ou actividade concreta, independentemente da que se teña contratada polo establecemento ou espazo aberto ó público onde se realice a actividade.
- ✓ Dependendo do tipo de evento, espectáculo ou actividade teranse en conta os aspectos relacionados con cuestións relacionadas con: o dereito de admisión, regulación e servizo de control de acceso, servizos de vixilancia e seguridade,

protección das persoas menores de idade, así como a información ó público que deberá dispoñerse en lugar visible e perfectamente lexible, alomenos nos dous idiomas oficiais de Galicia relacionados con: número de teléfono, dirección postal ou correo electrónico a efectos de reclamacións ou peticións de información, horario de apertura e peche, copia da licenza municipal de apertura – se fose esixible-, aforo máximo, existencia de follas de reclamacións, limitacións de entrada e prohibición de consumo de alcohol e tabaco a persoas menores de idade, condicións de admisión e normas particulares, se fora necesario.



1.3. DEFINICIÓNS

Neste apartado incluiremos algunhas definicións de conceptos relacionados coas actividades culturais, deportivas e de ocio, que nos axuden a entender a xestión e a planificación.

- **Actividade recreativa:** aquela que ofrece ó público, persoas espectadoras ou participantes, actividades , produtos ou servizos con fins de recreo, entretemento e ocio.
- **Artistas, intérpretes ou executantes:** persoas, con independencia do seu carácter profesional ou aficionado, que interveñen nos espectáculos públicos ou actividades recreativas ante o público, con ou sen retribución.
- **Ben cultural:** é toda actividade artística de creación individual e produción en serie, materializada nun soporte tanxible, cuxo consumo é potencialmente masivo ante a posibilidade de unha elevada difusión se ben o mesmo supón unha experiencia estética individual. Todo ben cultural é duradeiro e a súa propiedade é de quen o adquire. Exemplos de bens culturais son os libros, os videos, as obras de arte como pinturas ou esculturas que sexan susceptibles de comercialización.
- **Establecemento aberto ó público:** locais, instalacións ou recintos dedicados a levar a cabo neles espectáculos públicos ou actividades recreativas. Poden ser de varios tipos:
 - o Locais pechados, permanentes non desmontables, cubertos total ou parcialmente.
 - o Locais non permanentes desmontables, cubertos total ou parcialmente, ou instalacións fixas portátiles ou desmontables cerradas.
 - o Recintos que unen varios locais ou instalacións, constituídos en complexo ou infraestrutura de ocio.
- **Espazos abertos ó público:** lugares de titularidade pública, incluída a vía pública, ou de propiedade privada, onde ocasionalmente se levan a cabo espectáculos públicos ou actividades recreativas e que non dispoñen de infraestruturas nin instalacións fixas para facelo.
- **Espectáculos públicos:** son representacións, exhibicións, actuacións, proxeccións, competicións ou audicións de concorrencia pública de carácter artístico, cultural, deportivo ou análogo.
- **Espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario:** aquelas que se desenvolven esporadicamente en establecementos abertos ó
-

público legalmente habilitados para celebrar un espectáculo público ou actividade recreativa distinta da actividade propia do establecemento.

- **Instalacións portátiles ou desmontables:** son estruturas móbiles provisionais e eventuais ou aqueles recintos aptos para o desenvolvemento de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxo conxunto se atopa conformado por elementos desmontables ou portátiles constituídos por módulos ou compoñentes metálicos, de madeira ou de calquera outro material que permita operacións de montaxe ou desmontaxe sen necesidade de construír ou demoler algunha obra de fábrica.
- **Organizadores/as:** persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que, con ánimo de lucro o sen él, son responsables da organización, produción ou promoción de espectáculos públicos ou actividades recreativas.
- **Recursos:** fai referencia tanto a recursos financeiros, tecnolóxicos, comerciais, materiais e inmateriais (por exemplo unha marca) como a persoas: artistas, técnicos/as, colaboradores/as,...
- **Titulares:** persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que en calidade de propietarios/as, arrendatarios/as ou en virtude de calquera outro título xurídico, teñen o dereito de uso dos establecementos ou espazos abertos ó público previsto na presente lei para desenvolver neles espectáculos públicos ou actividades recreativas.